

Carmen Casalderrey Dios

LÉREZ, 1909-2012

Coa primeira paga de viuvez que cobrou, xa en democracia, Carmen Casalderrey Dios comprou o anel que non puido ter cando casou con Albino Sánchez Leiro, momentos antes de que fora fusilado na avenida de Bos Aires.

“Casou para quedar máis protexida e para que o meu pai e a miña tía levaran os apelidos, que os recoñeceran como fillos del”.

Mari Paz Sánchez, neta de Carmen Casalderrey

Mercou tamén un crucifixo, amosando que non fora por ser atea o de non pisar a igrexa no franquismo. Podía ir a un funeral de alguén coñecido pero nada máis desde que o párroco Don Leandro, daquela amigo da familia, non lle salvou a vida ao seu home:



“Foi por el que o mataron. Dixo na igrexa que o primeiro que se presentase a el sería salvado. Presentáronse el e dous máis e matáronos aos tres.”

Dolores Agulla, nora de Carmen Casalderrey

Albino Sánchez Leiro, alcumado o *Perrita*, entregouse o 11 de setembro de 1936. Segundo recolle *Pontevedra nos anos do medo*, o blog do historiador Xosé Álvarez Castro, tomara parte activa na defensa que da II República se realizou no goberno civil nos días inmediatamente posteriores ao golpe de Estado e, tras o triunfo deste, andou agochado polo monte aínda que facía frecuentes visitas á casa da familia Casalderrey, onde aínda vivía Carmen, para ver os seus fillos:

“Cando o golpe estivo agochado pero ía moito á casa de Matilde¹, ver os nenos. Foron facer rexistros pero cando petaban na porta el deitábase co fillo. O fillo por arriba e el por abaixo. Ao final decidiu entregarse porque dixo iso o cura e señora Carmen foi pedir a un que cambiase a declaración, porque ese, aínda que era das ideas de Albino, entregou os outros para salvarse el. Ela pediulle que rectificara pero dixo que iso xa estaba feito”.

Dolores Agulla, nora de Carmen Casalderrey

Segundo explica Álvarez Castro en *Pontevedra nos anos do medo*, Albino si rectificou as declaracións que fixera nos primeiros días que estivo detido, alegando que o ameazaran para inculpar outros compañeiros:

“Ao longo deste mes de setembro, hai constancia de diversas declaracións súas que *“hace espontáneamente”* e nas que relata feitos sucedidos no goberno civil nos momentos do golpe militar. (...) O 17 de decembro, no xulgado militar, desdise das anteriores declaracións e remata afirmando: *‘Hace constar que si declaró falsamente lo que queda rectificado fue porque le amedrentaron en la comisaría de esta Capital diciéndole que si no contestaba afirmativamente cuanto le fuera preguntado, Mirón [coñecido e temido compoñente da Garda Cívica] le daría una paliza’*”.

Pontevedra nos anos do medo

Albino Sánchez é xulgado o 17 de febreiro de 1937 e condenado a morte. O seu avogado defensor envía un escrito suplicando que lle conmuten a pena máxima, dado o desamparo en que deixa as súas dúas criaturas e tamén unha nai viúva que naquel momento tiña un fillo combatendo no bando falanxista (fillo que posteriormente lle morrería na guerra), pero non consegue o indulto e é fusilado o 17 de abril. Horas antes casara con Carmen en presenza do seu fillo maior, Francisco, que daquela tiña sete anos. A pequena, que levaba o nome da nai pero á que na casa lle chamaban Mucha, quedou coa súa tía Matilde. Apenas tiña tres anos.

“Estaba na voda, ao lado deles. A nai díxolle: ‘Vente, Paquiño, vente filliño, vente que van matar o teu pai’. Rematou a firma e xa o subiron ao camiión para matalo.

1 Matilde era a irmá maior de Carmen. Ambas vivían xuntas daquela.



O meu home acompañou a nai ata a ponte do Burgo; alí viron pasar o coche que o levaba a Monteporreiro e logo sentiron os tiros”.

Dolores Agulla, nora de Carmen Casalderrey

Á señora Carmen fora buscala o de Mariano, un coñecido cívico da contorna.

“Foina avisar que o ían matar, que se quería casar. Avisouna a ela e logo xa o levaron”.

Dolores Agulla, nora de Carmen Casalderrey

A última vez que viu o seu fillo, Albino entregoulle dúas cousas:

“Deulle a chaqueta como recordo e tamén sete pesetas para que comprara unha bicicleta e non tivera que ir andando cando fora velo ao cemiterio”.

Mari Paz Sánchez, neta de Carmen Casalderrey

A filla de Francisco non sabe se a súa avoa lle mercaría ou non a bicicleta, porque a partir daquel momento empezou unha etapa moi dura, e se non chegaron a pasar fame foi porque Carmen se deslombou a traballar:

“Andou labrando co Merlo e tamén co Beizudo. Ao xornal, a labrar para fóra co arado na man”.

Dolores Agulla, nora de Carmen Casalderrey

Ata a morte do seu home, o agro era o único sitio onde traballaba Carmen pero a partir de aí, para sacar a familia adiante soa, tivo que meterse no estraperlo e acabaron indo con ela tanto as súas irmás como as sobriñas.

“Primeiro andou ela ao estraperlo con Portugal e logo as irmás e as sobriñas. De Portugal a Salvaterra viñan andando pola vía do tren e cando *ventaban* os carabineiros, agochábanse... Traían café, azucre, pastas, aceite e ían vendelos pola aldea, por Lalín... Cos cartos que gañaban mercaban alí porco e costelas de vaca para traer á casa, así que famiña non pasaron”.

Dolores Agulla, nora de Carmen Casalderrey

Cos cartos que foi sacando, Carmen puido pagarlle “baixo corda” ao enterrador para, cinco anos despois do fusilamento, sacar os restos de Albino da foxa de San Amaro na que fora enterrado e levalo ás agachadas para Lárez. Meteunos nunha caixa de cartón e seguiron agochados debaixo das escaleiras do panteón familiar ata que, coa mesma pensión que lle permitiu mercar o seu anel de casada, comprou tamén un nicho onde por fin, coa liberdade da democracia, puido poñer unha lápida co nome do seu marido.



Pero ata ese día, houbo moito que pasar. Un día os gardas sorprendéron a Carmen e a Matilde con moedas de prata que traían de Portugal e metéronas presas:

“Ela traía sete moedas de prata e Matilde só unha, pero a Matilde prendérona por volver por Carmen aínda que estivo presa menos tempo. Carmen estivo un ano e un día e Matilde estaría tres meses ou así. Era a maior, defendeu a irmá e entón collérona. Mercaban moedas de prata en Portugal e vendíanas aquí máis caras”.

Dolores Agulla, nora de Carmen Casalderrey

Segundo recolle en *Pontevedra nos anos do medo* Xosé Álvarez Castro, as irmás Casalderrey sufriron unha segunda detención en 1948:

“Con motivo da feira na Estrada, ás oito da mañá do sete de xuño de 1948, a Guardia Civil montou un control no quilómetro 115 da estrada a Santiago; tiñan confidencias de que varios contrabandistas levarían mercancías intervidas nos autobuses con destino a aquela. (...) Cando os gardas incautan a mercancía, Isaura, Rosalía Goris e as irmás Carme e Matilde Casalderrey baixaron do ómnibus, *insultando a la fuerza y tratando de agredirla, para lo que arrojaban sobre la misma los bultos de mercancía que había sido intervenida y piedras, excitaban al resto de los viajeros que se unieran a ellas en su propósito de agredirlas e impedir el que se llevase a cabo la intervención de la mercancía.* Parece ser que chamaran atracadores e ladróns aos gardas. (...)”

As irmás Casalderrey Dios (Carmen, 39 anos, viúva, e Matilde, 49 anos, casada), as dúas residentes en Lérez, declaran que non levaban mercancías xa que ían comprarlas á feira e que, vendo que Rosalía se desmaiaba, dixéranlles aos gardas *que había que tener más corazón, que todos eran de carne humana y que no había derecho.* As catro son procesadas por un delito de insulto á forza armada; o Consello de Guerra celebrouse o 7 de decembro de 1948 e foron condenadas a seis meses e un día de prisión. Pero a esta condena había que sumarlle a sanción da delegación de Facenda. Carmen e Matilde, nun escrito no que solicitan a liberdade provisional para atender os coidados da casa e as necesidades familiares, fan constar que a cada unha lles impuxeran a multa de 1260 pesetas, que estaban pagando en pequenos prazos por carecer de medios económicos. Preocupadas polos fillos menores de idade, escriben: *‘Si ambas fuésemos encarceladas, estas tres criaturas, en edad tan crítica y de salud tan delicada, quedarían en el más completo abandono y miseria’.*

De nada lles valería a súa carta, o 17 de xaneiro de 1949 reingresan no cárcere, na que estarían ata o 18 de xuño, data na que son postas en liberdade”.

Pontevedra nos anos do medo

Cando Carmen quedou presa, os rapaces quedaron sós e ocupáronse deles Saladina Vázquez e Edelmiro Loureiro, un matrimonio da Estrada que vivía na casa contigua. Edelmiro Loureiro tamén sufrira a represión dos fascistas en carne propia, tal como conta a súa filla Inés, que cos anos tamén forxou unha fonda amizade coa señora Carme, a *Lanuda*, alcume co que era coñecida en Lérez:



“O pai do meu pai era canteiro e moi relixioso, e quería que el fose cura, que ademais era unha forma de estudar, pero el non quixo. Aprendeu o oficio de ferreiro e como tiña un tío en Asturias marchou para alá. O tío díxolle que se afiliara ao PC para conseguir mellor traballo, afiliouse e debía ter algún cargo. A miña nai sempre dicía que el debeu ter cargo porque tirou uns papeis ao río que disque se o collían con eles, matábano. Cando avanzan as tropas, detéñeno e estivo en campos de concentración. Non tivo xuízo nin nada”.

Inés Loureiro, veciña de Carmen Casalderrey

Curiosamente, é no batallón de traballos forzados onde Edelmiro consegue o emprego que o levaría a residir en Lérez:

“Alí preparaba as ferramentas dos que facían o traballo pero, como era bo obreiro, cando acabou a condena o encargado díxolle que era unha mágoa que non quedara. Doulle unha carta de recomendación para presentarse na base militar pero el dixo que non porque a súa familia tiña moitas terras na Estrada e tiña que ocuparse delas”.

Inés Loureiro, veciña de Carmen Casalderrey

O pai de Francisco sufrira as visitas dos cívicos e, segundo a súa neta, quedara tan afectado que morrera axiña e de aí que o seu fillo tivera que facerse cargo de todo. Pero as cousas eran máis complicadas do agardado e por iso tivo que aceptar a oferta do bando contrario ás súas ideas:

“Ao seu pai fóranlle os falanxistas facer rexistros e colléranlle cousas, entre elas unha escopeta que tiña porque era cazador. A raíz diso enfermou dos nervios e morreu. As mulleres quedaron soas e hipotecaron todo”.

Inés Loureiro, veciña de Carmen Casalderrey

Ao volver á Estrada, Edelmiro soubo a situación na que estaban as terras, e tivo que aceptar o traballo que lle ofreceran os militares para conseguir cartos cos que levantar o embargo. E así, chegou a Lérez, para traballar no parque de recuperación e talleres, unha base onde se arranxaban os vehículos do exército. Iso non lle fixo cambiar a súa ideoloxía pero preocupouse de agochala:

“O meu irmán estudou na Inmaculada. Unha vez levou libros comunistas á casa e o meu pai berroulle: ‘Eses libros fóra da miña casa!’. Había moito medo. O meu pai sempre tivo ideas comunistas, pero non as daba a demostrar. Que *jáleo* houbo na casa polos ditosos libros!”.

Inés Loureiro, veciña de Carmen Casalderrey

Iso si, nunca lle deu as costas á familia do *Perrita* e, cando Carmen estivo presa, levantábase cedo para deixar os rapaces listos antes de ir para o traballo:



“Pola mañá espertábaos, antes de ir traballar, para que deixaran muxida a vaca. Ademais, como quedaran sós, os irmás rifaban e sempre tiña que ir meu pai a arranxar algo”.

Inés Loureiro, veciña de Carmen Casalderrey

Daquela, Carmen e os fillos xa deixaran a casa de Matilde e foran vivir á que lle deixara unha tía dela. Cando a herdou, apenas tiña catro pedras. Iniciaran os arranxos en vida do *Perrita* pero asasinárono antes de que puideran ir alí vivir xuntos. Cando o mataron, ela vivía coa irmá e el coa nai. Carmen mudouse cando levaba uns catro anos viúva e por fin puidera mercar ventás, aínda que nin sequera xuntara suficiente para pór a porta:

“Ningún irmán quería ir para aí, porque daquela a costa de Ferraz era mal camiño, pero ela foi. Ao mellor ían comer abaixo e logo xa ían para arriba, cunha manta no oco ata que tiveron porta... coas mantiñas aí *colghadas* en punta que era o que había”.

Dolores Agulla, nora de Carmen Casalderrey

Acabaron os arranxos o fillo e a nora de Carmen, que herdaron a vivenda. A filla, Mucha, emigrou a Cuba, onde xa vivía o irmán da súa nai. Ademais, o seu pai deixoulles como derradeira herdanza unha emotiva e reivindicativa carta², escrita desde o cárcere tras coñecer a súa condena a morte:

“Querida compañera:

Mi mayor satisfacción en estos momentos en que la vida puedo decir que ya no existe para mi, es que la injusticia de los que fuera de toda ley se han erigido en jueces, no pueda nunca alcanzarte. Persevera a nuestros hijos de tales injusticias y no les inculques el odio, pero si, el día de mañana, despues de enseñarles cual es su deber con sus semejantes, diles, quienes han sido mis asesinos, entre los que se cuentan, el policía Cienfuegos y el traidor Veiga³ y todos los que han contribuido a mi muerte por el delito de querer justicia para sus hermanos de clase. Hoy no lo hagas porque los envenenarías.

Despídeme de tu familia que en estos momentos ultimos aun cuando creo no tendra nada que reprocharme, pudiera ser que inconscientemente le haya hecho algun daño y tengo la seguridad que van a perdonarme, y asi lo creo.

Y tu digna compañera, perdoname tambien si en algo te falte alguna vez, lo creo imposible dado el cariño que como tu tendras presente te he tenido siempre. Acompañando ésta te mando las cartas que tu me enviaste y que con las mias, serviran para tener presente a tu Albino, ya que no en materia en espiritu.

Querida Carmiña, no te olvides de mis recomendaciones con respecto a nuestros hijos. Enseñalos a dignificarse como hombres y como ciudadanos, para que el dia de mañana, puedan ser utiles en algo a esta comunidad⁴ a la que tanto quiero y

2 A carta transcríbese recollendo textualmente o orixinal.

3 Con Veiga foi Carmen falar para intentar que cambiase a declaración. Foi o que lle dixo, segundo a memoria familiar, “iso xa está feito”.

4 A palabra non se le correctamente, pero semella ser “comunidad”.



por la cual bien poco pude hacer, pero me conformo, porque se que algun dia se hara justicia.

Habraza y besa a nuestros hijos, y por ahora no los hagas sufrir, diciendoles cual ha sido mi fin, no porque me averguence, sino porque su corazón es inocente y no comprenderian. El dia de mañana diselo y diles que he muerto con toda entereza y el orgullo de aquellos que como yo han dado todo por la libertad de nuestros hermanos. ¡Por la libertad de los parias!

Recibe, tu Carmiña, el ultimo habraza del que asta el ultimo momento, te tendra presente. Adios compañera buena y digna!”.